

P. Martínez Lema (2008): “*Togis/spinis/tribulis*: mecanismos de latinización de toponimia romance no Tombo de Toxos Outos”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 527-535.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

TOGIS/SPINIS/TRIBULIS: MECANISMOS DE LATINIZACIÓN DE TOPONIMIA ROMANCE NO TOMBO DE TOXOS OUTOS

Paulo Martínez Lema

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA/UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un dos problemas máis frecuentes con que nos encontramos á hora de indagar nas fontes da toponimia medieval ten que ver coa actitude adoptada polos escribas ante os nomes de lugar. Malia a indiscutíbel importancia destes na nosa documentación privada antiga (en tanto que unidades de referencia indispensábeis para a correcta ubicación e delimitación dos terreos), os produtores dos textos non pareceron percibir a necesidade de darlle á toponimia un tratamento excepcional á hora de plasmarla graficamente. Máis ben pola contra, a inserción dos elementos toponomásticos no texto fíxose tomando como modelo a norma escrita do momento (o latín), o que a miúdo supuxo a “tradución” ou cando menos ensaio de tradución do nome de lugar en cuestión.

Para o escriba medieval, en definitiva, o topónimo réxese polas mesmas pautas escriturais que afectan a calquera outro elemento lingüístico. Isto axúdanos a entender mellor procesos de adaptación como os que pretendemos expor nestas liñas. Son procesos enmarcados nun período histórico-cultural (tramo final da Alta Idade Media) no que atinxe o seu cénit a tendencia “relatinizadora” iniciada coa reforma carolinxia. Non se trata soamente de escribir un latín o máis próximo posíbel aos modelos clásicos no aspecto morfolóxico, sintáctico ou meramente gráfico, senón tamén no relativo á selección léxica. Relacionado con isto último está a cuestión da estandarización de elementos toponomásticos, pois moitos deles proceden do propio repertorio léxico da lingua. Neste sentido, son doados de apreciar os esforzos que moitas veces realizan os

escribas para procurárenlle alternativas “clásicas” a uns topónimos sentidos xa como excesivamente arromanzados ou enchoupados de *sermo vulgaris*.

En ocasións eses topónimos teñen a súa raíz no propio fondo lingüístico latino, mais non é estraño que, no canto de deter o proceso relatinizador nunha simple reconstrución etimolóxica (coa posibilidade de obter solucións hiperlatinizadas a partir dela), o escriba opte por substituír directamente a forma romance por un lexema latino distinto, mais de significado idéntico ou moi próximo. Trátase nin máis nin menos que do recurso a sinónimos diverxentes, un ben coñecido mecanismo de tradución que garante ademais unha maior diferenciación entre os códigos en conflito. A este respecto, e cinxíndonos xa ao tombo de Toxos Outos, resulta moi ilustrativo o caso de *Trasriu/Trasrio* (> **Tarrío*?), lugar sen localizar da freguesía noiosa de Santa María de Roo, mencionado con esa forma en dous documentos de 1205 e 1241. Trátase dun nome que podemos retrotraer sen dificultade ao fondo lexical latino, pois *riu* remite directamente a RĪUŪS ‘río, regueiro, arroio’. Porén, nunha carta de venda con data de 1208 ese mesmo topónimo aparece como *Trasfluuiio*, no que se advirte o reemprazamento de *riu* polo seu sinónimo FLUUIŪS¹. Repárese (e este non é un dato en absoluto desprezábel) en que o sinónimo alternativo carece de prolongacións posteriores na lingua romance. Descoñecemos se a forma *Trasfluuiio* figuraba xa no texto orixinal ou se a “latinización” correu a cargo do copista durante o posterior proceso de conformación do tombo (c. 1289), mais o exemplo permítenos visualizar perfectamente o procedemento ao que faciamos alusión.

A cuestión vólvese se cadra máis interesante e problemática cando o topónimo non remite a bases latinas, senón que asenta en vellos radicais prerromanos. Estes, pola súa vez, perviviron moitas veces como elementos léxicos produtivos na lingua romance, cando menos até determinadas épocas. Un dos exemplos máis representativos do que estamos a dicir témolo no propio fitotopónimo *Toxos Outos*, nome dunha

1 Sería con todo discutíbel entender estes dous termos como sinónimos, pois en latín existían certas diferenzas semánticas entre ambos relativas ao tamaño e ao caudal: así, pode dicirse que RĪUŪS designa un pequeno curso de auga, un regato, significado que logo ampliou en romance atinxindo o primitivo valor de FLUUIŪS e FLAMEN ‘río’. Esta distinción inicial semella estar vixente en fórmulas notariais como a que topamos nunha venda de 1219 do propio tombo de Toxos Outos: *montibus et fontibus, pratis et pascuis, fluuiis et riulis*. Porén, a tónica dominante é o seu uso indistinto. Deste xeito, encontramos *fluuiis* aplicado a correntes de entidade como o Limia ou o Tambre, mais ao mesmo tempo fálasenos dun *fluuium Thoar* (regato no concello de Cee). No extremo oposto localizamos exemplos igualmente significativos, como *rio Tamaris*, se ben o máis frecuente nos documentos do tombo é o diminutivo *ribulus*, aplicado con idénticos criterios: *ribulo Saris* ou *ribulo Tamar*, p. ex., concorren canda a usos en principio máis esperábeis (e cuantitativamente máis abondosos, de feito) como *ribulo Omnia* (o Umia, regato en San Tomé de Ames), entre outros. Non é, así e todo, algo exclusivo do ámbito galego (Álvarez Maurín 1994:197).

freguesía do concello de Lousame e, asemade, denominación que acabou recibindo a propia institución monacal nela radicada. A súa orixe é evidente: procede dun sintagma *TOGIŌS ALTŌS, con evolución perfectamente regular dos dous constituíntes do mesmo. En *toxos* (port. *tojo*) recoñecemos unha voz especialmente característica do NO hispánico, mais con correspondencias en leonés (*toyo*) e gascón (*toujo*), e presente aínda noutros falares pirenaicos mediante derivados como *toujaco*, *tujado* e similares². Hai por tanto unha continuidade deste lexema ao longo de todo o Norte peninsular, con penetración nas variedades occitánicas, o que apoiaría o seu entronque cun tema prerromano *TOJO (DCECH V, 529 s. v. **tojo**) ou ben *TOKIU (Rivas 1994: 100)³. Mais, deixando á marxe a cuestión etimolóxica, suficientemente traballada, interézanos ver qué mecanismos se puxeron en marcha de cara á adecuación do topónimo resultante (*Toxos Outos*) aos modelos escriturais imperantes na época. Tras un baleirado exhaustivo do tomo, chegamos á conclusión de que tales mecanismos se reducen a dous, mais de natureza notoriamente distinta:

- a) latinización formal do topónimo
- b) “tradución” do topónimo mediante lexemas latinos semanticamente afíns ao orixinal

Ademais, e como podemos comprobar na seguinte táboa, a rendibilidade dos dous procedementos é bastante diferente en termos cuantitativos:

Procedemento	Ocorrencias	Lex1 (SPĪNŪS)	Lex2 (TRIBŪLŪS)
AFINIDADE SEMÁNTICA	79	4	75
LATINIZACIÓN FORMAL	151		

1. Latinización formal

A latinización externa do topónimo é en principio a opción máis sinxela, e tamén a máis fiel á natureza do nome orixinal do lugar. Estaríamos dalgunha maneira ante o que se denomina, en termos de gramática histórica, *represtinación imperfecta*.

2 Situación similar é a do aragonés, no que o radical existe mais xa soamente nun derivado de carácter colectivo como *toyaga*.

3 Trataríase, en todo caso, dunha evolución irregular. O autor alega en favor da súa hipótese o feito de a base T-K xerar nomes de plantas singularizadas pola súa raíz ou cepa. Prolongacións sufixais como a que implicaría o étimo *TOKIU resultan, polo demais, frecuentes neste tipo de radicais prerromanos e dan lugar a pares toponímicos ben coñecidos, como *Sar / Sarria* (~*Seira?*), *Mera/Meira*, *Oca/Oza*, etc. Son descartábeis propostas como a de Baist, que fai proceder este ítem do lat. TOXĪCUS, ou a de Wartburg, que optaba polo grego θυια ‘conífera’ (DEH 1985: 1024, s. v. **toju**).

Esta actitude do escriba é interesante porque nos permite vislumbrar unha consciencia bastante elevada do devir histórico da lingua, así como das analoxías e correspondencias máis comúns entre o código de orixe e o código meta. Neste caso, o fonema romance /ʒ/, procedente polo xeral dun grupo latino intervocálico -GJ-, represéntase mediante a secuencia gráfica <gi>: gal. med. *tojo* → lat. *togio*⁴. Este é o *modus operandi* predominante no conxunto da obra, pois aplicouse até nun total de 151 casos (aproximadamente un 66% do total de ocorrencias do topónimo estudado). Existen así e todo certas limitacións que nos impiden considerar de xeito homoxéneo a forma *Togios Altos* (e variantes diversas), pois debemos lembrar que o dígrafo <gi> é un dos utilizados na escrita xa propiamente romance para a representación do devandito fonema /ʒ/, constituíndo neste sentido “reminiscência de grafías do período anterior” (Maia 1986: 470)⁵. Xa que logo, non é en absoluto descabelado supor que o que se dá nalgúns deses casos é o mantemento da forma romance, por máis que a secuencia gráfica empregada poida levarnos a confundila co resultado dun intento latinizador. De feito, esta é a interpretación que debe aplicárselles aos poucos exemplos nos que o segundo elemento do topónimo presenta evolucións xa inmediatamente recoñecíbeis como galegas (aínda que “enmascaradas” por trazos flexivos latinos): referímonos ao caso de *Togis Outis*, do que só rexistramos 2 ocorrencias en textos latinos⁶.

2. Afinidade semántica (quasesinónimos)

A alternativa a este procedemento non é outra que a substitución do problemático lexema *tojo* por outro distinto, directamente extraído dos fondos da lingua clásica, mais que, a diferenza do que viamos en *Trasriu* → *Transfluuiu*, non presenta unha semántica plenamente equivalente á do termo suplantado. Recórrase por tanto xa non a un sinónimo diverxente, senón máis ben a un *quasesinónimo*, pois entre o primeiro

4 Algo similar acontece con outras consoantes romances de articulación palatal, para as que se reconstrúe unha forma latina ás veces atinada e outras meramente intuitiva. Referímonos p. ex. a topónimos que presentan o fonema /ɲ/, e en cuxa repriminación se optou polo grupo <ni> para a representación dese elemento: p. ex., *Luaña* (freguesía do concello de Brión) aparece sistematicamente como *Luania* ou mesmo *Luanya*, fronte á variante *Luana* (4 ocorrencias).

5 Seguindo as conclusións de Azevedo Maia, este dígrafo <gi>, exclusivo da documentación galega, utilízase fundamentalmente nos textos máis antigos, i.e., nos do s. XIII e comezos do XIV, nun treito cronolóxico que se corresponde efectivamente cos anos en que foi elaborado o tomo de Toxos Outos.

6 Este é tamén o único xeito de entender topónimos presentes no tomo como *Bugiam* (hoxe *Buxán*) ou *Frogiam* (hoxe *Froxán*), entre outros.

lexema e o segundo soamente existe un grupo moi reducido de semas en común. Nesta liña é na que hai que entender os 79 casos (34% do total) nos que achamos ben *Spinis Altis* ou ben o máis abondoso *Tribulis Altis*.

Soamente localizamos 4 exemplos de *Sancti Iusti de Spinis Altis* en toda a produción textual contida no tomo. Son ademais ocorrencias limitadas a un arco cronolóxico moi restrinxido, pois falamos de textos redactados en 1146, 1149, 1157 e 1161, e dous deles (concretamente os dous primeiros) da autoría dun mesmo escriba, o eclesiástico *Pelagius Cardinalis*. A posibilidade máis razoábel é que ese *Spinis* sexa o ablativo plural do substantivo SPĪNŪS, base do gal. med. *espño* e do gal. mod. *espiño*⁷. O nome latino aludía, ao igual que os seus descendentes románicos, a varias especies de plantas tales como o *espiño albar* ou *abruñeiro* (tamén chamado en galego *estri-po* ou *escambrón*), o *espiño coraleiro* ou o *espiño manso*, entre outras. A característica común de todas elas, e asemade a súa particularidade física máis recoñecíbel, é que presentan talos espiñosos, feito que os aproxima efectivamente ao toxo. En termos estritamente lingüísticos podemos dicir que o trazo ‘con espiñas’ é case o único sema relevante compartido por *toxos* e *espiños*, mais trátase dunha información tan decisiva que lle permite ao escribán non só asociar eses dous termos como pertencentes a un mesmo campo sémico, senón incluso asignarlles a cada un deles a función de sinónimo “vulgar” e sinónimo “culto” que no primeiro exemplo desenvolvían (*Tras)riu* e (*Tras)fluuiu*, respectivamente.

Algo certamente similar debeu acontecer con TRIBŪLŪS, que atopamos até nun total de 75 ocasións a través do sintagma *Tribulis Altis* / *Tribulos Altos*. O latín tomou este termo do grego (τριβολος), e mantivo a dupla acepción que xa presentaba na súa lingua de orixe: por unha banda, era o nome dado ás plantas do xénero *Tribulus terrestris*, especialmente espiñentas; pola outra, e como consecuencia dunha ampliación semántica doada de entender, pasou a nomear tamén un determinado aparello bélico moi similar a esa planta, constituído por tres ou catro picos e que se guindaba polo chan para impedir o avance da cabalaría. Ambas as dúas realidades son coñecidas hoxe en galego coa mesma forma, o substantivo *abrollo/abroullo* (do lat. APERĪ ŌCŪLŪ?, esp. *abrojo*), denominación dada tamén a un instrumento de ferro semellante ao abrollo natural e empregado polos disciplinantes para ferírense nas costas. Máis unha vez, o sema ‘con espiñas’ imponse na mentalidade do escriba aos demais trazos que definen e individualizan o lexema TRIBŪLŪS nos seus diversos sentidos e

7 Nun comezo pensamos que *Spinis* se relacionaba realmente co substantivo SPĪNA ‘espiña, talo puntia-gudo’, de xeito que a adaptación toponímica se faría neste caso por vía da metonimia. Parécenos con todo unha opción pouco probable, aínda que non descartábel para outros casos similares.

significaci3ns⁸. Se a isto lle engadirmos a existencia de m3ais similitudes sem3anticas (no lingüístico) e físicas (no extralingüístico) entre as dúas plantas, como o produciren flores marelas de características bastantes parecidas, o solapamento con *toxos* facíase especialmente doado.

Pero existían aínda outros factores que, ao noso xuízo, convertían este termo nun candidato idóneo para levar a cabo con éxito o proceso de traduci3n/latinizaci3n do termo romance. Un deles é, como no caso de FLUUIŪS, a ausencia de descendentes rom3nicos, algo que subliñaba aínda m3ais o seu car3cter culto. De feito, en toda a documentaci3n antiga latina que coñecemos no NO hisp3nico, non encontramos nin unha soa atestaci3n de TRIBŪLŪS utilizado como apelativo, mentres que no terreo toponímico tan só foi empregado na adaptaci3n do nome que nos ocupa, *Toxos Outos*⁹. Dalgún xeito, isto f3lanos tamén do grao de formaci3n nada desprez3bel dos escribas implicados, capaces de seleccionar un ítem tan pouco frecuente, de extracci3n claramente clásica e que nin sequera presentaba conexi3ns formais co topónimo orixinal nin con ningún outro elemento léxico da lingua. Por outro lado, a chamada *informaci3n enciclopédica*, ou extralingüística, seguramente tivo tanto ou m3ais peso cá estritamente lingüística neste fenómeno. Se acudirmos aos usos clásicos de TRIBŪLŪS observaremos que o seu emprego está ligado a terras ermas, ásperas, improdutivas ou deixadas a bravío, dato que o entronca con *toxos*¹⁰ e en menor medida con SPINŪS (> *espiño*). Tratábase polo demais de contextos físicos moi adecuados para a fundaci3n de cenobios inspirados nos valores m3ais primitivos do monacato e para os que se procuraban localizaci3ns como as que implican os topónimos *Ermelo* (Santiago de Ermelo, en Bueu), *Caaveiro* (San Xoán de Caaveiro, no concello da Capela) e o propio *Toxos Outos*¹¹. Unha boa mostra destas connotaci3ns asociadas aos lexemas mencionados

8 De feito, este é o trazo empregado por Plinio na *Naturalis Historia* como criterio para a súa clasificaci3n: así, dentro das plantas espiñosas existen algunhas que *in totum spina est*, mais outras, pola contra, caracterízanse porque *secundum spinam habent folium ut tribulus et anonis* (Plinio XXI, 15). A voz romance *abrollo* tivo que ser asemade obxecto de ampliación sem3antica, pois utilízase hoxe como xenérico para designar varios tipos de plantas con espiñas que xorden nos cultivos, así como os froitos desas plantas.

9 É salientábel o feito de que, até onde nós sabemos, en ningún outro topónimo creado sobre bases fitonímicas semellantes (*Togosa*, *Togia*, etc.) se botou man deste lexema.

10 Especialmente co *toxos arnal* ou *toxos femia*, do cal xa dixera Sarmiento que “es el asperísimo y grande, que nace entre las peñas de los montes, y cuyas espinas son largas, derechas, fuertes, duras, y que son capaces de taladrar una tabla”.

11 O fragmento conservado da historia deste mosteiro (documento número 3 do tomo) é bastante ilustrativo ao respecto, ao referirse ao estado en que se encontraba o lugar de San Xusto no momento da fundaci3n do cenobio: *Cum autem hi duo per moncium cacumina et feras tebras a populari strepitu semotum et ab seruili conditione liberum nequeuissent perire locum ad Sancti Justi peruenerne domicilium; quod erat in quodam specu infra(...)me terminos situm, et de tempore siluis operatum omnique carens edificio pre(...) ecclesiolam uetustate fere diruptam.*

témola no propio comezo das *Xeórxicas* de Virxilio, onde se nos describe un panorama desolador, unha terra inzada de más herbas entre as que salientan o xoio (*lolium*), a avea (*auenae*) e o propio abrollo (*triboli*):

*intereunt segetes, subit aspera silua,
lappaeque tribolique, interque nitentia culta
infelix lolium et steriles dominantur aenae*
(I, 152-155)

No caso do abrollo o seu carácter nocivo é especialmente salientábel, tal e como pon de relevo o dicionario Houaiss, que a describe como “especialmente daninha, pois é tóxica aos animais que a consomem” (Houaiss 2001: 2765, s. v. **tribulo**). Porén, esta toxicidade contrasta cos seus usos medicinais: foi coñecida como remedio contra a impotencia masculina, por exemplo¹². Plinio fala de dúas castes de TRIBŪLŪS: os que nacen *in hortis* e os que o fan en lugares húmidos, nomeadamente nos ríos e lagoas, que quizais poden identificarse co *trevo de auga* (port. *azedinha*). Debe ser a este último ao que autor lle atribúe toda sorte de propiedades curativas, como remediar inflamacións e úlceras, desfacer cálculos renais ou aliviar a dor das varices. E aínda se subliña, entre outras moitas aplicacións, que moída e disolta en auga resulta utilísima para acabar coas pulgas (Plinio XXII, 10). Pode deducirse xa que logo que o TRIBŪLŪS, ou as plantas acollidas baixo esta denominación, ocupaban un posto de relevancia no mundo da farmacopea antiga e seguramente tamén na medieval, converténdose nun remedio de uso relativamente común. De seguro que todas as súas posibilidades medicinais eran coñecidas e dominadas polos monxes de Toxos Outos, ou por quen queira que comezase a empregar esa palabra para vernizar de clasicismo greco-latino a denominación verdadeira do mosteiro e da paraxe en que se encontraba.

3. Conclusión

O tratamento dispensado ao topónimo *Toxos Outos* na redacción dos documentos que constitúen o tomo do mesmo nome exemplifica de xeito bastante claro algunhas tácticas de adaptación toponímica. No caso que nos ocupa, a finalidade foi amoldar a forma e/ou a semántica dun nome de lugar xa decididamente romance aos paradigmas operantes nunha lingua escrita claramente debedora da tradición latina. Unha cuestión interesante sería tratar de establecer as pautas subxacentes á escolla

12 Agradecemos o dato a José Antonio Martínez López e Ermitas Pajón Fernández, da parroquia de Damil (Begonte).

dunhas opcións ou outras, ou a influencia que factores como a cronoloxía, a autoría, etc. puideron exercer neste sentido. É este un aspecto imposible de abordar aquí por motivos obvios, mais que esperamos poder desenvolver en futuras achegas.

Bibliografía

- ÁLVAREZ MAURÍN, M. P. (1994): *Diplomática asturleonese. Terminología toponímica*. León: Universidad de León.
- OCECH = COROMINES, J. e J. A. PASCUAL (1983): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DEH = GARCÍA DE DIEGO, V. (1985): *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid: Espasa Calpe.
- HOUAISS, A. et al. (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- IAN, L. e C. MAYHOFF (1967): *Naturalis Historiae. C. Plini Secundi* (vol. III). Stuttgart: Teubner.
- MAIA, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português : estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- NAVAZA BLANCO, G. (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PENSADO, J. L. (ed.) (1986): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables / Fr. M. Sarmiento.* Salamanca: Universidad de Salamanca.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F. (2004): *Os documentos do tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- RIVAS QUINTAS, E. (1994): *Lingua galega, niveis primitivos*. A Coruña: Laiovento.
- SANTAMARINA, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios* [versión 3]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- VELÁZQUEZ, J. (ed.) (1994): *Geórgicas / Virgilio*. Madrid: Cátedra.

Recursos informáticos

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae). <<http://balteira.cirp.es/codolga/>>

TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>>